

OS DEREITOS DAS MULLERES SON OS DEREITOS DO MUNDO

DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES 8 DE MARZO

OS DEREITOS DAS MULLERES SON OS DEREITOS DO MUNDO

Organizada polo Consello Municipal da Muller, a praza da Constitución acollerá, o sábado 3 de marzo, unha xornada de convivencia e o xoves 8 de marzo celebrarase unha manifestación baixo o lema "Os dereitos das mulleres son os dereitos do mundo".

Vigo, 28 de febreiro de 2012

Con motivo do Día Internacional das Mulleres, o Consello Municipal da Muller de Vigo celebrará o vindeiro sábado 3 de marzo un encontro na praza da Constitución co obxectivo de gozar dunha xornada de convivencia e de reivindicación, e o xoves 8 de marzo celebrarase una manifestación ás 20:00 h, desde a **praza da farola de Urzáiz** ata a praza da Constitución baixo o lema " Os dereitos das mulleres son os dereitos do mundo".

As actividades previstas na praza da Constitución desenvólvense desde as 13:00 ás 19:00 e inclúen actuacións musicais para todos os gustos. Así, esta céntrica praza transformarase nun lugar de encontro das mulleres da cidade e do público en xeral. A música soará de xeito ininterrompido durante seis horas.

Ás 13:00 horas actuará a banda "Unión Musical de Valladares", unha formación musical con máis de 100 anos de historia que acadou ao longo da súa traxectoria importantes galardóns. A súa escola de música conta, na actualidade, con máis de cen alumnos e alumnas.

A música na praza da Constitución seguirá pola tarde, a partir das 16:15 h. coa actuación de iRiAmc & Mariah!, dúas mozas galegas artistas do hip hop. Ás 16:30 h dará comezo a actuación do grupo de música tradicional "Arroutadas", composto por catro mozas viguesas, e as 17:30h actuará a cantante soul AYSHA. E para rematar, ás 18:00 h, AID, firme valor do rap, ofrecerá un concerto.

Os establecementos do Casco Vello sumaranse a esta xornada de convivencia coa colocación de lazos violeta que simbolizan a loita cara á igualdade e a fachada da Casa da Cultura e a farola tamén lucirán a imaxe desta campaña.

OS DEREITOS DAS MULLERES SON OS DEREITOS DO MUNDO

Manifestación

Para o día 8 de Marzo, xoves, ás **20:00** h, o Consello Municipal da Muller de Vigo convoca a toda a cidadanía a participar nunha manifestación polos dereitos das mulleres. Para reafirmar aínda máis o seu carácter reivindicativo en prol das mulleres, convida ás persoas participantes a portar nela simboloxía feminista.

A **praza da farola de Urzáiz** será o punto de encontro da cidadanía para iniciar a manifestación que, baixo o lema "Os dereitos das mulleres son os dereitos do mundo", percorrerá diversas rúas viguesas ata a praza da Constitución. Ao seu termo, as integrantes do Consello Municipal da Muller lerán un comunicado coas reivindicacións desta xornada.

Para facer chegar á cidadanía este eventos, o Consello Municipal da Muller está a levar a cabo unha campaña informativa que inclúe o reparto de 20.000 folletos e 5.000 pegatinas distribuídos en todos os barrios da cidade, así como en entidades veciñais e outros colectivos sociais.

Consello Municipal da Muller

O Consello Municipal da Muller de Vigo está integrado por un total de **23 entidades**, entre as que figuran representantes de asociacións de mulleres, grupos políticos con representación municipal, secretarías da Muller dos sindicatos, e a Concellería de Igualdade.

Na actualidade, conforman o Consello as seguintes asociacións: Asociación Rede de Mulleres Veciñais Contra os Malos Tratos de Vigo, Mulheres Nacionalistas Galegas, Feministas Independentes Galegas,, Vogalía da Muller da Federación Veciñal "Eduardo Chao" de Vigo, Asociación de Mulleres Dorna, Asociación de Mulleres Lúa, Asociación de Mulleres Rosalía de Castro, APM Concepción Arenal, Asociación de Mulleres Progresistas, Asociación de Mulleres de Bouzas, Asociación de Mulleres Xestas, Colectivo Violeta, Escola de Mulleres Solidarias Área Metropolitana de Vigo, Asociación Mujeres en Igualdad, Asociación de Viudas Demócratas Europeas de Vigo, Secretaría da Muller da CIG, Secretaría da Muller de CC.OO., Secretaría da Muller do STEG, Secretaría da Muller da UGT, Concellería de Igualdade, Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, Grupo Municipal do BNG e Grupo Municipal do PP.

OS DEREITOS DAS MULLERES SON OS DEREITOS DO MUNDO

Outras actividades complementarias

Co gallo da celebración do Día Internacional das Mulleres, o Consello Municipal da Muller tamén organizou un programa de actividades que se desenvolverán durante todo o mes de marzo e que inclúe concursos, cine infantil, proxeccións de documentais e celebración dun pleno no que participarán as integrantes do Consello Municipal da Muller.

As dúas proxeccións previstas no apartado de Cine Infantil terán lugar no Verbum-Casa das Palabras os domingos 11 e 18 de marzo ás 17:30h. Así, “O meu veciño Totoro” proxectase o 11 de marzo e “Niki, aprendiz de bruxa” o día 18. Entrada de balde e aforo limitado para estas dúas películas de animación dirixidas por Hayao Miyazaki. Antes de cada sesión proxectaranse varias obras premiadas noutras convocatorias do Concurso de Fotografía Dixital e Microvídeos.

Por outra parte, o Museo de Arte Contemporánea de Vigo (MARCO) será escenario da proxección do documental “As silenciadas”, dirixido por Pablo Ces e con Aurora Marco como coguionista, coprodutora e narradora. Esta obra recupera historias de vida de numerosas mulleres que andiveron no clandestinidade ou apoiaron o movemento guerrilleiro. Este traballo acadou o premio á mellor película na categoría “Memoria i Justicia Universal” no festival Internacional de Derechos Humanos de Santa Coloma de Gramanet. A cita será o martes, 13 de marzo, ás 20:00h.

Ademais, ao longo do mes de marzo poden presentarse, vía online, as propostas para o Concurso de Microvídeos. Este concurso convócase co fin de fomentar unha maior implicación e concienciación cidadá a favor da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. As bases e información están disponibles da web da Concellería de Igualdade: www.igualdadevigo.org.

Todas estas actividades, incluídas no programa elaborado polo Consello Municipal da Muller, son gratúitas e con aforo limitado.

Así mesmo, co gallo do 8 de Marzo celebrárase no salón de plenos do Concello de Vigo unha sesión plenaria específica na que participarán as integrantes do Consello Municipal da Muller. A sesión, aberta ao público, terá lugar o 8 de marzo, ás 10.00 horas.